

PROTOCOLO HIXIÉNICO-SANITARIO FRONTE AO COVID-19 PARA A ORGANIZACIÓN DE CAZARÍAS

Data de actualización: 21 de outubro de 2020

A denominada nova normalidade, tras a superación das diferentes fases de desescalada, implica que queden sen efectos as medidas extraordinarias derivadas do estado de alarma, sen embargo a crise sanitaria aínda subsiste e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria deberán manterse as medidas de prevención publicadas nas Resolucións do 12-6-2020 modificado sucesivamente polos Acordos do 25-6-2020, de 17-7-2020 e de 24-7-20, sen prexuízo de calquera outra normativa máis restritiva ditada polas Autoridades Sanitarias aplicable a determinadas zonas concretas do territorio⁽¹⁾, E particularmente pola Orde da Consellería de Sanidade do 21-10-20 que aplica a todo o territorio da Comunidade Autónoma, salvo naquelas zonas que xa teñan adoptadas ou adopten no futuro medidas máis restritivas, a limitación dos grupos a un máximo de CINCO (5) persoas.

Permítese a práctica da actividade física e deportiva, ao aire libre, debendo realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico. No caso da actividade colectiva, o máximo será de cinco (5) persoas de forma simultánea, agás naqueles concellos nos que sexan de aplicación as restricións aos grupos constituídos só por persoas conviventes, en cuxo caso só se poderá realizar cando as persoas do grupo sexan conviventes.

Na organización de cazarías faise necesario un comportamento social de máxima cautela e autoprotección asentado fundamentalmente no seguinte:

- Hixiene frecuente de mans.
- Hixiene respiratoria (evitar tusir directamente ao aire e tocar a cara, nariz e ollos).
O uso de máscara será obrigatorio aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 m cando, se transite pola vía pública ou espazos abertos e pola concorrencia doutros usuarios, e en espazos cerrados de uso público, sempre que se poida concorrer en dito espazo con outras persoas usuarias.
- Deberá darse un uso axeitado á máscara, debendo cubrir desde a parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.
- Non se permite a máscara provista de válvula exhalatoria.
- Evitar compartir utensilios e outros trebellos, e no caso de ter que compartilos desinfección antes e despois de cada uso.
- Non compartir comida e bebida.
- **Con carácter xeral, salvo naquelas zonas ou concellos nos que existan outras medidas máis restritivas⁽¹⁾, EN NINGÚN MOMENTO PODERÁN COINCIDIR XUNTAS MÁIS DE CINCO (5) PERSOAS, sen prexuízo da súa modificación en virtude das normas que diten as Autoridades Sanitarias en función da evolución da pandemia.** Nestes casos, como o número de participantes supera os cinco (5), o Responsable da Cazaría distribuiráos en grupos de cinco (5) cazadores, debendo sinalarse os compoñentes de cadaún dos grupos na propia lista da cazaría.

O presente protocolo contén as medidas de prevención e hixiene que deberán observarse durante a práctica da caza, e que podería servir como referencia para o **Plan de Actuación que require a normativa para o desenvolvemento da actividade cinética que implique máis dun cazador (batidas, axexos, ou esperas)**, sen prexuízo da súa modificación en virtude das normas que diten ao efecto as Autoridades Sanitarias en función da evolución da emerxencia sanitaria.

⁽¹⁾ Para ver as diferentes Ordes da Xunta de Galicia sobre medidas de prevención da COVID 19 nos diferentes concellos ou territorios da Comunidade Autónoma (establecemento de máis restricións, mantemento ou levantamento das mesmas, etc), premer no seguinte ligazón:
<https://www.federaciongalegadecaza.com/documentos/dogs-xunta-covid.pdf>



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



GALICIA
SAUDABLE

"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"



CONSIDERACIÓNS PREVIAS:

- A organización de calquera actividade cinexética durante a vixencia do estado de emerxencia sanitaria, no referente ao desprazamento e medidas de protección sanitaria, quedará regulada polas disposicións legais e sanitarias que rexen este período.
- Na organización e desenvolvemento das batidas, esperas, axexos ou outras accións cinexéticas, sempre primarán sobre todas as demais consideracións as prescricións e recomendacións das Autoridades Sanitarias para salvagardar a saúde e impedir o contaxio.
- Para o desenvolvemento da actividade cinexética que implique máis dun cazador (batidas, axexos ou esperas), deberase dispor dun **Plan de Actuación** por parte do responsable da cazaría, no cal se detallan as medidas de prevención e hixiene que se deberán observar. **O contido de dito plan deberá ser trasladado a todos os participantes, co fin de garantir o seu coñecemento con carácter previo á cazaría, e deberá ser presentado, así mesmo, xunto coa correspondente solicitude de autorización de cazaría, de ser o caso.**
- Todos os cazadores deberán levar a súa propia máscara e un pequeno bote de hidroxel para a hixiene frecuente de mans.
- En todo o momento (antes, durante e despois da cazaría) debe manterse a distancia interpersonal mínima de 1,5 metros con uso de máscara obrigatorio aínda que se manteña a distancia de seguridade indicada.
- Non se permite a máscara provista de válvula exhalatoria.
- Todos os cazadores deberán realizar unha declaración responsable, conforme ao modelo que se anexa a este Protocolo, na que expresen o coñecemento do protocolo da cazaría, aceptando as condicións de participación e comprometéndose a cumprir coas medidas persoais de hixiene e prevención contidas no mesmo.

ORGANIZACIÓN DA ACCIÓN CINEXÉTICA:

Medidas antes da acción cinexética:

- Antes de saír cara a cazaría, o cazador deberá realizarse un auto test para confirmar se puidera ter síntomas de COVID-19 (febre, escalofríos, tose, falta de alento, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos), e no caso de presentar síntomas deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo aos servizos sanitarios.
- Os cazadores que estiveran en contacto con algunha persoa que teña dado positivo en Covid-19, deberán gardar corentena conforme ao establecido polas Autoridades Sanitarias, absténdose de participar na cazaría.
- Se algún cazador presentara síntomas nos días posteriores á cazaría, ou dese positivo en Covid-19, deberá avisar de inmediato aos servizos sanitarios e á sociedade responsable do tecor no que se desenvolveu a cazaría para adoptar as medidas oportunas cos posibles contactos. A estes efectos a sociedade de caza e/ou o responsable de cazaría deberán levar un rexistro dos cazadores que puideran estar en contacto (por exemplo, o número de teléfono).
- A obtención de datos e verificación de documentación (licenza, permiso de armas, etc.) para cumprimentar os listados de caza, recoméndase facelo de xeito telemático mediante whatsapp ou similar, non presencial.
- Recoméndase evitar as reunións dos participantes antes de cazar, durante a acción cinexética, e despois.
- Antes de comezar a caza, o responsable da batida informará, de ser posible, de xeito telemático a cada participante do posto ou lugar de solta dos cans que lle corresponda, co fin de que se dirixa directamente a ese lugar para así evitar a reunión de cazadores. O Xefe de Batida poderá acompañar ao cazador para colocalo no posto, debendo facer uso da máscara obrigatoriamente aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal, e encargarse da coordinación previa dos rastrexadores se así o aconsellase o lance.
- Evitarase en todo momento o saúdo con contacto físico con outros cazadores ou persoas.



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"



- Os desprazamento en automóbil recoméndase realizalos de forma individual, non compartir vehículo con outras persoas non conviventes. De non ser posible, todos os ocupantes deberán empregar obrigatoriamente máscara e lavarse ou desinfectarse as mans con hidroxel antes de entrar e despois de saír do vehículo.
- O percorrido a pé polo monte deberá facerse de xeito individual desde o vehículo ao posto e desde o posto ao vehículo, empregando en todo o momento a máscara. Cando esta non se utilice é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira ou transmita coronavirus.

Medidas durante a acción cinexética:

- Durante a acción cinexética cada cazador permanecerá no seu posto e, tal como establece a normativa vixente, só poderá cambiar de posto coa autorización do Xefe de Batida, evitando reunirse con outros cazadores agás por causas de forza maior, en cuxo caso deberá manterse a distancia mínima interpersoal e empregar máscara.
- Calquera incidencia ou problema que lle puidera xurdir a un cazador durante o desenvolvemento da batida deberá comunicarse pola emisora ou teléfono ao Xefe de Batida e este determinará o que proceda facer. Sempre que se requira a proximidade de outro/s cazador/es, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal o uso da máscara será obrigatorio (pensar, por exemplo que un cazador enferma e hai que axudalo a saír do monte).
- Non se poderán compartir utensilios de caza, nin outros trebellos.
- Non se compartirá nin comida nin bebida, nin os útiles nos que se porta a mesma.

Medidas despois da acción cinexética:

- Unha vez finalizada a acción cinexética, os participantes regresarán aos seus lugares de orixe sen reunirse para despedirse nin para ningún outro tipo de celebración. Despediranse, se así o desexan, mediante as emisoras ou teléfonos.
- A recollida das pezas cobradas e dos cans de caza farase co mínimo número de participantes, que manterán en todo momento o emprego da máscara aínda que se manteña a distancia mínima de 1,5 metros entre eles, e adoptaranse medidas especiais para a recuperación das pezas abatidas.
- Ao regreso aos seus lugares de orixe deben aplicarse as medidas sanitarias de uso común recomendadas polas Autoridades para o control do COVID-19 (desfacerse de xeito hixiénico das máscaras, luvas, hixiene persoal, lavado da roupa, desinfección do interior do vehículo e dos utensilios utilizados etc.).
- Todas estas consideración simplificaranse nas accións cinexéticas individuais (axexos, esperas). Durante estas modalidades tomaranse as medidas xerais de protección tanto nos vehículos como fóra deles (obrigatoriedade do uso da máscara aínda que se manteña a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros, non compartir os utensilios de caza nin os útiles de comida e bebida, desinfección de vestiario e utensilios de caza, etc.).

As recomendacións emitidas dende a Federación Galega de Caza conteñen o criterio desta entidade, sen prexuízo da existencia de calquera outro criterio ou opinión.

SOBRE O PRESENTE PROTOCOLO PREVALECERÁ EN TODO MOMENTO CALQUERA OUTRA NORMA QUE DITEN AO EFECTO AS AUTORIDADES SANITARIAS, TANTO CON CARÁCTER XERAL COMO RESTRICIÓN PARTICULARES POR ZONAS EN FUNCIÓN DA EVOLUCIÓN DA PANDEMIA.



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"



ANEXO

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dª con nº de DNI/NIF

actuando en nome propio

ou como pai/nai/titor do solicitante menor de idade D/Dª

con nº de DNI/NIF

DECLARO, baixo a miña responsabilidade,

Que para a actividade cinexética de (sinalar si se trata de batida, axexo ou espera)

que ten previsto organizar a Sociedade de Caza, no tecor
matrícula nº, os días cumpro todas as
condicións de participación na/s cazaría/s sinalada/s, e asumo a obriga de cumprir as medidas de
hixiene e prevención sanitaria contidas no Protocolo hixiénico-sanitario fronte ao COVID-19, que me
foi facilitado pola entidade organizadora da cazaría.

En, a de de 2020

Asdo.

A/A da Sociedade